



**CONCELLO DE BUEU**

**ALCALDÍA. COMUNICACIÓN**

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

## **MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG, PP, PSOE E ACB-SON PARA DEMANDAR A EXENCIÓN DA PESCA ACCIDENTAL, DENTRO DA MODALIDADE DE PESCA ARTESANAL, DO SISTEMA DE TAC,S, E COTAS IMPLANTADO POLA UE**

O 15.02.2019 os grupos políticos desta corporación municipal acordamos apoiar unha moción conxunta co obxecto de demandar a exención da pesca accidental, dentro da modalidade de pesca artesanal, do sistema de TAC,s e cotas implantado pola UE. Esta iniciativa parte da Confraría de Pescadores San Martiño, en cuxa representación José Manuel Rosas presentou unha moción por rexistro da Sede Electrónica do Concello de Bueu (20.02.2019, RE- 244) e que se recolle a continuación.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A presenta iniciativa ten como principal obxectivo por de relieve a desigualdade de trato e a inxustiza que se está a acometer dun tempo a esta parte no sector pesqueiro por mor do actual sistema de reparto de TACs e cotas (distribución das posibilidades de pesca) para a frota de artes menores, con especial deterioro do sector máis desfavorecido como é o artesanal.

Precisamente a unión Europea define a pesca artesanal como a que desenvolven barcos de eslora menor a 12 m e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por barcos de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarías dentro da denominación industrial.

Non obstante, a definición correcta para os profesionais do sector e polo tanto para as confrarías de pescadores difire bastante pois é aquela que cumpre cos seguintes criterios: forte tradición artesanal, pescas altamente selectivas, propiedade familiar, respecto polo medio ambiente, existencia ademais dunha pesca costeira artesanal que engloba ás embarcacións de pequeno porte (maioritariamente todas de <12 metros), con mareas de menos 24 h, e que son as de ARTES MENORES e/ou ARTES VARIAS.

Ata o ano 201 a normativa estatal na material (Orden ARM/271/2010, do 10 de febreiro, modificada pola Orden ARM/3315/2010, do 21 de decembro) establecía uns criterios para o reparto e xestión das cotas de diferentes especies por modalidades de pesca e dentro de cada modalidade por tripulante embarcado a bordo e día.

A partir de dita anualidade e a través da Orden AAA/1307/2013, do 1 de xullo, derrogada pola Orden AAA/2534/2015, establecéronse plans de xestión para a distribución das posibilidades de pesca e un sistema de reparto distinto ao que historicamente se viña aplicando, todo elo por extraño oportunismo e cálculo político do Goberno Central, determinándose por primeira vez que dita distribución estaría sometida ao réxime de TACs e cotas, vencelladas directamente cos datos de consumo de capturas históricas (datos da SEGEPESCA do período 2002-2011), e modulados tendo en conta aspectos socio-



**CONCELLO DE BUEU**  
**ALCALDÍA. COMUNICACIÓN**

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)  
TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400J. Rex. E.111

económicos das frotas afectadas nas distintas pesqueiras e a dependencia das diferentes frotas en relación a cada especie.

En fin, pasouse dunha pesqueira lineal para todos os buques (cada embarcación dentro das súas capacidades de pesca e almacenamento e sen criterios de reparto por comunidade autónoma ou outra divisións territoriais) para se converter nunha fonte de desequilibrio interrexional dentro dun mesmo estado e, curiosamente, fomentado polo propio Estado.

Asemade, catro anos despois da entrada en vigor da nova política comunitaria de pesca (PCP), o sector da pesca artesanal segue sen poder cadrar esixencias, prohibicións e obxectivos. Agora Bruxelas deixouno sen marxe de manobra, combinando cotas escasas e unha impracticable obriga de desembarque para todas as capturas. A partir do 01/01/2019 coa aplicación da política de “descartes cero”, por riba, haberá embarcacións que terán condenadas a parar, despedir tripulacións ou incluso ser despezadas.

A PCP, non está pensada nin adaptada á nosa realidade en particular e a realidade da pesca artesanal -en xeral, e iso porque na UE só se escoitan e teñen en conta as demandas dos grandes lobbies e clusters pesqueiros, sen ter intención de activas medidas específicas para este segmento da frota que máis incide nas localidades costeiras. Sen dúbida haberá problemas, e non é difícil de pronosticar que esta deriva provocara que a pesca artesanal quedase desmantelada.

Trátase pois dunha preocupante situación, de todo dramática para as comunidades pesqueiras de Galicia, altamente dependentes dunha actividade que da emprego directo a máis de 9.000 persoas e, por conseguinte, a afección negativa sobre as economías de moitas familias vinculadas e poboacións costeiras enraizadas en sinerxias produtivas desencadeadas pola pesca artesanal cuxo paulatino deterioro – ata a súa máis que previsible erradicación, por suposto, nin é asumible nin tampouco pode aceptarse.

En definitiva, está dabondo demostrado que no intre de repartir das posibilidades de pesca, a frota artesanal sempre sae mal parada e discriminada, aínda tratándose da máis sostible, sustentable e respectuosa co medio mariño e a que garante menores capturas, mais de maior calidade.

Cómpre recordar que, ademais da vertente produtiva e económica (creación de renda, valor e emprego), é indiscutible que a pesca artesanal representa un dos sinais de identidade máis importante que ostenta a Marca Galicia. Ten un importante arraigamento en termos sociais e demográficos da actividade nos enclaves costeiros e actúa sobre áreas costeiras e de alta sensibilidade ambiental, ten unha compoñente de desenvolvemento humano e territorial moi elevado, na súa dimensión social e cultural, contribúe á independencia alimentaria da Unión Europea e ao aprovisionamento do mercado de produtos naturais e de calidade contrastada, mantendo un peso notorio en termos de emprego directo e de efectos indirectos a escala local-rexional sobre moitos outros sectores de ac-



**CONCELLO DE BUEU**

**ALCALDÍA. COMUNICACIÓN**

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

tividade das nosas costas, o que foi permanentemente destacado e defendido pola Comisión de Pesca.

É por elo que, facendo unha chamada conxunta á responsabilidade, á implicación, ao compromiso e ao rigor na defensa dos intereses xerais deste sector, apoiamos e solidarizámonos para que non triunfe a aposta decidida e progresiva de implantación de políticas das máis altas Institucións da UE e dos Gobernos Estatal e Autonómico tendentes á erradicación sen pausa dun sector tradicional estratéxico tanto polo seu peso económico como pola súa dimensión social na nosa sociedade con fonda repercusión e impacto nas rendas de moitas produtores e as súas familias que conviven no conxunto dos concellos polo que o seu deterrio afectará os encadeamentos produtivos existentes con outras ramas da actividade económica.

Por todo isto, a Corporación do Pleno do Concello de Bueu,

### **ACORDA**

**Primeiro. Promover e consensuar as medidas necesarias para materializar a exclusión das capturas accesorias ou accidentais da frota artesanal do sistema de Tacs e cotas, dada a súa multiespecificidade e, polo tanto, o seu escaso impacto no estado dos recursos mariños.**

Dentro da pesca artesanal, cómpre establecer criterios de diferenciación entre o que significa a pesca accidental e a pesca dirixida. O tratamento das dúas modalidades debería ser de todo independente: a accidental debe estar á marxe dos criterios de TACs e cotas ou de descartes, dado que representa as capturas de especies accesorias durante a pesqueira dunha especie obxectivo. Por outra banda, a dirixida oríentase á pesqueira dunha determinada especie, debéndoselle aplicar unha xestión das posibilidades de pesca a través de criterios de reparto que garanten igualdade de condicións entre as unidades de frota participantes.

**Segunda. Requirit un tratamento distinto e diferenciado da xestión das posibilidades de pesca da frota artesanal con respecto ás frotas industrial e/ou semiindustrial.**

As embarcacións de pesca artesanal son de pequeno porte, utilizan artes e aparellos de pesca altamente selectivos, desenvolven a súa actividade pesqueira de forma tradicional, sostible, cun baixo volume de capturas de especies moi diversas e de gran calidade.

A pesca artesanal nas súas diferentes modalidades realízase de xeito exclusivo en augas interiores e cunha importante dependencia socioeconómica, tendo en conta a gran cantidade de postos de traballo que xera, tanto directos como indirectos.

Xa que logo, queda suficientemente demostrado que a incidencia da pesca artesanal e socialmente moito máis relevante que a industrial ou semi-industrial e, polo tanto, estímase esencial a súa protección e salvagarda, propoñendo a súa regulación a través de



**CONCELLO DE BUEU**

**ALCALDÍA. COMUNICACIÓN**

Rúa de Eduardo Vincenti, 8. 36930 - Bueu (Pontevedra)

TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099

CIF: P3600400J. Rex. E.111

criterios específicos e consecuentes, e en ningún caso mesturados con outras pesqueiras de intereses moi distintos.

**Terceiro. Continuar reclamando que a pesca artesanal quede exenta da obriga de desembarque.**

É indispensable seguir insistindo ante a Unión Europea, que a normativa que regula a obriga de desembarque de capturas para a frota artesanal, quede sen efecto.

É indubidable que a decisión “política de descartes cero” tomouse de xeito precipitado no seo da UE, sen facerse os estudos correspondentes e sen ter en conta as pesqueiras multiespecíficas nas que desenvolve a súa actividade a frota artesanal galega.

O feito de aplicar o regulamento tal e como está redactado, podería supoñer que non se poida desenvolver a actividade pesqueira, cando se poden acreditar as boas condicións dos caladoiros galegos, debido á forma de traballo sostible da pesca artesanal.

**Bueu, a 4 de marzo de 2019**

**Os voceiros/as da Corporación de Bueu:**

**Martín Villanueva Pastoriza (BNG)**

**Julio Villanueva González (ACB-SON)**

**José Manuel Vilas Pastoriza (PSOE)**

**Manuel Santos Pires (PP)**